

ASUNTO: COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS. LISTADO TRIMESTRAL DOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2015

Vistas as solicitudes de reclamacións e as suxestións achegadas no período comprendido entre os meses de outubro a decembro do presente ano ao abeiro do establecido no artigo 168 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra (Texto Refundido con modificacións publicadas no BOP núm. 208, de 27 de outubro de 2008, BOP núm. 47, de 10 de marzo de 2009 e BOP núm. 91, de 12 de maio de 2011), emítese listado trimestral das reclamacións e suxestións presentadas.

	EXPTE.	SERVIZO/S AFECTADO/S	TRÁMITES	SOLUCIÓNS
1	2015/SUXRECLA/000007 Queixa pola reiteración de solicitude de habilitación de partida económica destinada á reparación dunha fonte no lugar de Sobral en Sto. André de Xeve.	MEDIO AMBIENTE NATURAL	Iniciado o 14/10/15 Información do servizo o 1/02/16 Comunicación ao interesado 16/03/16.	Roza e limpeza dos arredores, a limpeza do pozo, o arranxo do piso tanto do interior do vaso do lavadoiro como dos exteriores e o arranxo e eliminación das fugas que dificultaban o uso por encher de auga os accesos na contorna do lavadoiro. Tamén se limpou a pedra e se substituíron os pichos.
2	2015/SUXRECLA/000008 Reclamación para a reposición da placa e da efíxie de José Martí na praza que leva o seu nome.	OTMAIES	EXP. INICIADO 14/10/15 Información do arquitecto xefe e da concelleira. Comunicación á interesada o 16/03/16	Os arquitectos municipais están a traballar nun proxecto de intervención axeitado, que inclúa a reposición dos ornamentos no lugar. Neste intre solucionáronse os atrancos e o estudo conta cos recursos orzamentarios necesarios para levarse a cabo, en canto se materialice dito proxecto técnico"
3	2015/SUXRECLA/000010 Queixa por maleza existente no predio lindante co edificio con acceso desde a rúa de nova apertura nos antigos terreos de Tafisa.	DUMAPA PARQUES E XARDÍNS	Exp. Iniciado 14/10/15. Informe do servizo o 22/01/16. Información do enxeñeiro. Comunicación á interesada o 18/03/16.	Tras iniciar a limpeza de varios predios da zona, interrompeuse por causa da aprobación dos orzamentos para o ano 2016, circunstancia que xa foi solucionada e que permitirá a continuación da limpeza dos restantes predios, nun período de tempo razoable.
4	2015/SUXRECLA/000016 Queixa por taxa aboada pola tramitación do certificado de convivencia.	ÓRGANO DE TESOURARÍA	Exp. Iniciado 21/10/15 Informe do servizo 28/01/16 Comunicación á interesada.	Mencionase que se está a esixir o importe da taxa recollido na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos que foi aprobada no seu momento polo Pleno da Corporación. E que os medios para impugnar tal taxa, de considerarse oportuno, son os que dispón o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
5	2015/SUXRECLA/000019 Queixa contra local denominado "Garaxe Costa Giraldez" e actuación da policía o 09-10-2015	ALCALDÍA	Exp. Iniciado 22/10/15 Comunicación á interesada o 6/11/2015 Arquivado	Enviouse carta do alcalde.
6	2015/SUXRECLA/000022 Suxestións para erradicar o feísmo urbanístico da cidade de Pontevedra.	ALCALDÍA	Exp. Iniciado 8/11/16. Comunicación ao interesado o 5/11/15.	Enviouse carta do concelleiro.
7	2015/SUXRECLA/000023 Suxestión para a modificación da ordenanza fiscal no referente ao imposto de bens inmobles.	ÓRGANO DE TESOURARÍA	Exp. Iniciado 12/11/16 Requirimento de Informe Á Org Tesouraría 26/01/16. Comunicación á interesada. 16/03/16.	Infórmase que o Concello de Pontevedra ten por obxecto regular aqueles aspectos ós que a Lei remite a súa ponderación pola corporación local procedendo a aprobar a presente Ordenanza fiscal ao abeiro do establecido no artigo 15.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. E que os medios para impugnalos, de considerarse oportuno, son os que dispón o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

8	2015/SUXRECLA/000024 Suxestión para a supresión do IIVTNU nos supostos de herdanza.	ÓRGANO DE TESOURARÍA	Exp. Inicado 7/12/16 Requirimento de Informe Á Org. Tesourería 26/01/16. Comunicación á interesada o 16/03/16.	Infórmase que o Concello establece o imposto sobre o IVTNU, que se rexe polo disposto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e pola ordenanza fiscal Reguladora do Imposto Sobre o IVTNU.
----------	---	----------------------	--	--

RELACIÓN DE RECLAMACIÓNS NON CONTESTADAS NO PERIODO: OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2015

1	2015/SUXRECLA/000013 Queixa pola non pertencencia de pontevedra a area metropolitana.		Exp. Inicado 15/10/15	Pendente de Comunicación.
2	2015/SUXRECLA/000014 Queixa polo estado do pavimento do treito comprendido entre as rúas Alameda e da Palla.	OTMAIES	Exp. Inicado 15/10/15 Requirimento de Informe ao servizo o 14/01/16.	Pendente de informe.
3	2015/SUXRECLA/000017 Suxestión para a colocación de carteis e valado de protección para a roza das rúas.	AMAPO	Exp. Inicado 21/10/15 Requirimento de Informe ao servizo o 26/01/16	Pendente de informe.
4	2015/SUXRECLA/000025 Solicitude de adopción de medidas necesarias para a non construción do crematorio de San Mauro e a humanización do barrio.	URBANISMO	Exp. Inicado 7/12/16 P e n d e n t e d e comunicación	Pendente de comunicación.

Pontevedra, 30 de marzo de 2016

O Concelleiro responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio,

Vicente García Legísima.